

ANUNCIO.

A Xunta de Goberno Local, na sesión de 25 de outubro do ano en curso, acordou iniciar os trámites para a contratación da obra **“REFORMA Y ACONDICIONAMIENTO INTERIOR DEL PABELLÓN MUNICIPAL” DO FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E A SOSTIBILIDADE LOCAL** e, para tal efecto, aprobou o correspondente proxecto de obras, prego de cláusulas administrativas particulares e gasto, e ordenou anunciar a seguinte licitación:

1.- ENTIDADE ADXUDICADORA.- CONCELLO DE LALÍN.

Dependencia que tramita o expediente e obtención de documentación e información: Secretaría Xeral do Concello de Lalín, en horario de 09:00 ás 14:00 horas.

Domicilio: Praza do Concello, núm. 1, 36500 Lalín (Pontevedra).

Teléfono 986-787060.

Fax 986-780638.

Correo electrónico: omic@lalin.org.

Dirección de internet do Perfil do Contratante: <http://www.lalin.org/perfilcontratante.asp>

Data límite para a obtención de documentación e información: 13 días naturais a contar desde o seguinte ao da recepción da notificación.

Número de expediente: COFEESL022010

2.- OBXECTO.-

Tipo de contrato: obras.

Descrición: Reforma e acondicionamento interior do Pavillón municipal con arranxo ás prescricións contidas no Proxecto Básico e de execución.

Número de anualidades: unha, 2010.

Prazo de execución: dous meses.

Admisión de prórroga: si, nos supostos previstos na LCSP.

CPV: 45000000

3.- TRAMITACIÓN E PROCEDEMENTO.-

Procedemento: negociado sen publicidade.

Tramite: urxente.

Criterios de adxudicación: para a valoración das proposicións e a determinación da oferta economicamente máis vantaxosa atenderase a varios criterios directamente vinculados ao obxecto do contrato, segundo se enumeran na seguinte táboa:

Núm.	Criterio	Puntuación
1	<i>Maior número de persoas a contratar para a execución da obra que se atopasen en situación legal de desemprego e fosen contratadas exclusivamente a través das Oficinas Públicas de Emprego.</i>	0 a 25
2	<i>Redución do prazo de execución.</i>	0 a 15
3	<i>Redución do prezo</i>	0 a 10

4.- ORZAMENTO BASE DE LICITACIÓN.-

Orzamento licitación: 120.689,65 €.

IVE (16%). 19.310,34 €.
Importe total: 139.999,99 € (IVE incluído).

5.- GARANTÍAS ESIXIDAS.-

Provisional: non

Definitiva: 5% do importe de adxudicación do contrato IVE excluído.

6.- REQUISITOS ESPECÍFICOS DO CONTRATISTA.-

Clasificación: non se esixe.

7.- PRESENTACIÓN DE OFERTAS OU DE SOLICITUDES DE PARTICIPACIÓN.-

Data límite de presentación: ata as 14:00 horas do décimo terceiro (13) día natural seguinte ao da recepción da invitación para participar na licitación.

Presentación da documentación: no Rexistro Xeral do Concello, sito na dirección indicada no apartado 1 anterior, en horario de 9:00 a 14:00 horas, en dous sobres pechados e na forma e requisitos establecidos no prego de cláusulas.

Admisión de variantes: non.

8.- APERTURA DE OFERTAS.-

Na Sala de Xuntas da Casa Consistorial, sita no enderezo citado no apartado 1 anterior, ás 12:00 horas do terceiro día hábil seguinte ao de remate do prazo de presentación de proposicións terá lugar o acto público dos sobres número 2, Oferta Económica. No caso de coincidir dito día en sábado, trasladarase ao primeiro día hábil seguinte.

A apertura da restante documentación realizarase na forma establecida no prego de cláusulas.

9.- GASTOS DE PUBLICIDADE.-

Por conta do adxudicatario, ata un máximo de 1.500,00 €.

A documentación requirida para participar na presente licitación está a disposición dos interesados na copistería Arume, sita na rúa Wenceslao Calvo Garra, núm. 6, local 6, Lalín. Teléfono: 986 792014

Lalín, 26 de febreiro bro de 2009.

O Concelleiro Delegado de Infraestruturas e Servizos Rurais.

Antonio Rodríguez Rodríguez